

MESA SECTORIAL DO DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2019

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO ORDE DO ... DE SETEMBRO DE 2019 POLA QUE SE ENGADE UNHA DISPOSICIÓN ADICIONAL A ORDE DO 7 DE XUÑO DE 2018 POLA QUE SE DITAN NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE DESTINO PROVISIONAL ENTRE O PERSOAL DOCENTE PERTENCENTE AOS CORPOS DE INSPECTORES DE EDUCACIÓN, CATEDRÁTICOS E PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL, CATEDRÁTICOS E PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS, CATEDRÁTICOS E PROFESORES DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS, CATEDRÁTICOS E PROFESORES E MESTRES DE TALLER DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, E DO CORPO DE MESTRES, QUE NON TEÑAN DESTINO DEFINITIVO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, AOS QUE RESULTAN DESPRAZADOS POR FALTA DE HORARIO, AO PERSOAL A QUE SE LLE CONCEDA UNHA COMISIÓN DE SERVIZOS POR CONCELLEIRA OU CONCELLEIRO, POR MOTIVOS DE SAÚDE OU POR CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL, AO PERSOAL INTERINO E SUBSTITUTO E AO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA QUE SOLICITE O REINGRESO NO SERVIZO ACTIVO (ED002B).

ANPE Galicia considera que calquera solución que se intente dar aos problemas xurdidos nas listas de orientación vai a deixar persoas afectadas pero é hora de darlle unha solución.

Consideramos que a proposta hoxe presentada pola Administración respecta o criterio de antigüidade que sempre defendeu ANPE. Consideramos tamén o dinamismo da listaxe (no sentido de que ao obter a titulación se poda acceder á lista de orientación) pero apoiamos a proposta presentada previamente por outra organización sindical de que se unha persoa obtén a titulación necesaria para poder estar na lista de orientación durante o curso escolar a súa incorporación teña efectos a principios do curso seguinte cando se estableza a listaxe.

A Administración comunica que é previsible que se publique mañá no DOG esta modificación para entrar xa en vigor e que mañá tamén se fagan os chamamentos para cubrir as vacantes que están sen cubrir.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO ORDE CONCURSO DE ORIENTACIÓN.

Para ANPE Galicia este proxecto de Orde non ten nin pés nin cabeza en tanto en canto non se elabore con detalle e con criterios razoables unha Rede de Orientación na nosa Comunidade Autónoma e o establecemento de Equipos de Orientación Específicos nas 7 principais cidades.

Ainda que con estes dous últimos concursos específicos estanse a cubrir con carácter definitivo algunhas prazas segue sen facerse con criterio tal e como xa se anticipou

Solicitamos explicacións por parte da Administración ao feito de que profesorado de PT e AL sexan obrigados en determinados casos a impartir docencia. **A resposta foi que ese profesorado está para atender aos alumnos con NEE non para completar horario con outras materias.**

Demandamos un orientador para cada centro educativo.

Solicitamos o non solapamento dos diferentes concursos e que se estableza forma de participación adicional á presentación presencial.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO ORDE DO ... DE OUTUBRO DE 2019 POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO DE TRASLADOS ENTRE PERSOAL FUNCIONARIO DOCENTE DOS CORPOS DE CATEDRÁTICOS E PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS, MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS, ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL, MESTRES DE TALLER DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, MESTRES, INSPECTORES AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA E INSPECTORES DE EDUCACIÓN.

En primeiro lugar desde ANPE demandamos un concurso específico de Adultos, que afecta soamente ao profesorado da Comunidade e facilita enormemente a mobilidade. **Respostan que non hai suficientes vacantes.**

Preguntamos sobre a situación xurídica dos recursos presentados por participantes doutras CCAA no pasado concurso de traslados. **Resolveron 4 ou 5. Outros dous debido ao retraso do expediente aínda que a resolución foi positiva, non se fará efectiva ata o curso que vén pero con efectos administrativos do 1 de setembro deste ano.**

Desde ANPE Galicia valoramos o traballo realizado o concurso pasado con respecto das vacantes que permitiu reducir a provisionalidade do persoal funcionario en expectativa e facilitou a mobilidade do persoal con destino definitivo.

ANPE Galicia demanda que se lle esixa ás Xefaturas Territoriais o cumprimento dos criterios establecidos na comisión técnica para cobertura de vacantes do curso pasado. A experiencia nos di que hai xefaturas que non posibilitan unha verdadeira negociación das mesmas. A mesa técnica levada a cabo o curso pasado serviu tamén para reducir problemáticas como vacantes con perfís lingüísticos que se solicitan desde centros non plurilingües polo mero feito de contar cunha sección bilingüe e sen garantías de se dita sección vai a continuar ou non. **A Administración resposta a esta cuestión que no concurso pasado saíron con perfil lingüístico prazas en seccións bilingües que teñen visos de continuidade no tempo. Se algunha das prazas que saíron a concurso con perfil lingüístico non ten despois na práctica dito perfil lingüístico é algo que se debe analizar nas Xuntas de Persoal.**

Insistimos na necesidade de manter a vixencia dos criterios de establecemento de vacantes recollidos na acta de dita mesa técnica.

ANPE Galicia considera que non deben ofertarse prazas itinerantes en PT e AL e que se cataloguen prazas de AL no primeiro ciclo da ESO .

ANPE Galicia considera que se debe salvagardar o carácter autonómico do Concurso de Traslados porque sufrimos unha constante discriminación co resto de CCAA onde non hai reciprocidade polo que, se debería ser rigoroso co perfil lingüístico do galego nas vacantes ofertadas así como, coa oferta de certos tipo de vacantes que non poden ser cubertas con profesorado da nosa comunidade xa que non hai funcionarios que cumpran os requisitos para poder acceder a elas.

Consideramos que as vacantes provisionais do Concurso deben vir como Anexo ao texto da Orde ou, cando menos se coñezan durante o prazo de presentación de solicitudes e as vacantes definitivas deben ser coñecidas antes do remate do prazo de reclamacións e renuncias. Cremos que isto se podería levar a cabo cunha boa previsión e coordinación, non podemos seguir pedindo “a cegas” debemos ser os únicos funcionarios que non coñecen en tempo e forma as posibles vacantes.

ANPE segue a insistir en que so se coloque de “oficio” pola especialidade de ingreso porque o problema é que se “perden” especialistas (PT, AL por exemplo) en prazas de primaria. **Non o aceptan**

ANPE pide que se poidan solicitar as prazas como no CADP e de non ser así necesítase aumentar o número de peticións ata 500 por todas as combinacións posibles. **A Administración acepta esta proposta e establecerá un máximo de 400 peticións en primaria e 500 nos outros corpos.**

Solicitamos que se faga efectiva a mobilidade do profesorado do corpo de mestres no 1º ciclo da ESO e que non se limite ás 7 principais cidades.

Demandamos que se permita tamén a presentación telemática de solicitudes para ampliar a posibilidade de participación e para solucionar certas problemáticas como pode ser a non presenza na Comunidade de profesorado participante no programa PIALE. **A Administración confirma que se poden presentar por sede electrónica usando unha solicitude xenérica.**

- Debe abrirse a aplicación de datos persoais para que o profesorado faga actualizacións con tempo suficiente para o Concurso de Traslados.

En relación ao **BAREMO** solicitamos:

- **Puntuación para responsables de centros de menos de 3 unidades.**
- Contabilizar certificacións lingüísticas á marxe das da EOI.
- Puntuación das titorías de alumnado de CAP.
- Puntuación para o persoal que exerza funcións directivas en ausencia do titular. Botamos en falta a puntuación de determinadas coordinacións e asesorías, sobre todo en relación aos centros integrados de formación profesional, polo que demandamos a revisión deste apartado do baremo.
- Demandamos a eliminación do tope de 1 máster ou doutoramento.
- Demandamos tamén que se puntúen as tarefas docentes en todos os centros de difícil desempeño e non soamente se é o seu centro base.
- **Solicitamos a eliminación da incompatibilidade de puntuación entre o apartado 4 e o apartado 6.6** supón unha perda de puntuación e unha falta de recoñecemento a estas labores do profesorado nun apartado con marxe de puntuación.
- Debe revisarse a redacción e a puntuación do apartado 1.2.3.
- Demandamos tamén a puntuación de certas titulacións elementais e superiores dos conservatorios dentro do apartado de titulacións superiores xa que non se están a valorar como tales.
- **Desde ANPE denunciemos os problemas que presenta ano tras ano a comisión de baremación das publicacións. Solicitamos, así mesmo, que se publiquen as razóns polas que non se barema determinadas publicacións para poder facer unha reclamación con coñecemento de causa e razoada.**
- Solicitamos que se faga pública unha resolución de fin de baremación para que os participantes poidan saber cando comezar as reclamacións.

A administración négase unha vez máis a facer ningún tipo de modificación no baremo

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- **Demandamos unha negociación para a restitución do horario lectivo de 21 horas no corpo de mestres e 18 nos restantes. Outras comunidades xa o teñen negociado e instaurado.**

MESA SECTORIAL



- Demandamos unha negociación real da Oferta de Emprego Público para poder dala a coñecer o antes posible.
- Denunciamos que nos últimos procesos selectivos houbo presidencias de tribunais que se saltaron a normativa convocando probas en domingo e sen respectar o período mínimo de antelación nos avisos de convocatoria para a realización das probas e ,por outro lado, non están a cumprir coa instrucións de colgar as probas prácticas na aplicación unha vez rematado o proceso.
- Demandamos que se respecte o recollido no acordo de interinos en canto aos chamamentos para a cobertura de substitucións.
- Demandamos a restitución do recoñecemento económico e administrativo dos meses de verán para os substitutos que acrediten 5,5 meses traballados.
- Demandamos a devolución das cantidades detraídas das pagas extraordinarias desde o ano 2013.
- Solicitamos unha solución ás vacantes de francés en primaria que se ofertaron pola especialidade de primaria en lugar de pola especialidade de francés. Deben respectarse as prazas tal e como están catalogadas.
- Denunciamos a discrepancia, en algúns casos, entre o horario real que fai o profesorado e o que se envía á inspección educativa.

ANPE
SINDICATO INDEPENDIENTE
GALICIA